

ÁMBITO

| | |
|----------------------|-----------------------------|
| Localidade | Negreira – A Baña |
| Comarca | Barcala - Compostela |
| Lugar de realización | Casa da Cultura de Negreira |

ÁSISTENCIA

| | |
|---|-------------------|
| Nº Asistentes (no momento de maior participación) | 12 |
| Nº de non militantes asistentes | 3 |
| Nº de militantes convocad@s | Toda a militancia |

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

| | |
|--|--------------------------|
| <i>Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso</i> | |
| A nivel local | Francisco Xabier Salgado |
| Representante do Consello Nacional | Paula Castro |

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

| | |
|---|--|
| Duración aproximada da reunión | 120 min. |
| Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) | Rolda de participación aberta segundo ó guión proposto pero sen ser demasiado estritos. Os participantes pedían quenda para falar cantas veces quixeran. |

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

En xeral foi unha reunión máis ben familiar, sen moitas sorpresas tanto pola asistencia como polas ideas que se debateron.

Foi trasladar o que se fala a cotío entre nós na rúa, a unha asemblea organizada.

A valoración, nin positiva nin negativa; case todos nós estabamos de acordo na maioría dos puntos que se discutiron. Se cadra, algo de inquedanza pola traballo invertido na publicidade do acto e a afluencia que tivemos.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Con carácter xeral:

- Definir claramente que é a refundación do BNG.
- Falla de lealdade política, continuas excisións dentro do BNG.
- Exceso de traballo que esixe o partido á súa militancia.
- Cansazo fronte as continua loitas internas dentro da organización.
- Atraso na mensaxe nacionalista. Discurso caduco que non conecta.

Radiografía da Galiza de hoxe

- Grave problema de despovoamento e envellecemento da poboación. Emigración do noso potencial de futuro: xente nova e preparada que marcha.
- Sociedade cada vez máis manipulada polos medios de comunicación. Desconfianza ante a capacidade do nacionalismo de ser alternativa de goberno.
- Atraso continuo na economía do país e no eido cultural.
- Pasividade fronte as reivindicacións activas coma as manifestacións na rúa por exemplo. Alienación e sentimento de resignación.
- As ideas neoliberais gañan terreo na conciencia política do cidadán. Desafección coa política de sempre.
- Sociedade máis urbana que rural, sector servizos, autónomos e profesionais pesan máis que antes.
- Un galego único para a Galiza. Cansancio coas continuas variacións do idioma.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Estratexia política do nacionalismo galego

- Mudar o discurso, diversificar os temas: ecoloxía, deporte galego, ciencia:
 - * Elaborar unha proposta para Plan Nacional de Deporte
- Cambio de imaxe, menos radicalidade e agresividade nas distintas actuacións do partido.
- Actualizar as canles de comunicación: redes sociais, internet, prensa dixital, etc.
- Relanzar, activar, a participación da mocidade no movemento nacionalista.
- Comunicación continua e cooperación cos consellos do BNG máis pequenos.
- Non abandonar o discurso sobre os sectores produtivos senón actualizalo atendendo ao criterio de que nós producimos pero non transformamos. Ex: non falar só do prezo do leite, senón de completar o ciclo produtivo, elaborar produto derivado e vendelo aquí.

Participación política e modelo organizativo

- Non hai acordo entre que o BNG sexa unha fronte ou se convirta nun partido tradicional.
- Importancia de conservar as siglas BNG, xa no imaxinario político galego.
- Discurso político que destile ilusión, que aglutine e que sexa comprensible e sinxelo.
- Acompañarnos de profesionais nos distintos eidos da política, comunicación, marketing, etc.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

| |
|--|
| |
|--|